

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
CUNTIS

Ordenanzas e Regulamentos

*APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA
DA TAXA POLO SERVIZO DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA*

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional deste Concello sobre a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de distribución de auga, cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

“Artigo 6º. Beneficios fiscais

1. Estarán exentos do pago da cota mínima os seguintes contribuíntes:

a.—Contribuíntes en risco de exclusión social.

2.—Para ter dereito á obtención destes beneficios, a persoa interesada deberá acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento durante todo o tempo que dure a bonificación e ten a obriga de comunicar os cambios das circunstancias que deron lugar ao mesmo

3.—As solicitudes resolveráanse por Decreto de Alcaldía, previo informe do Departamento de Servizos Sociais, no que se acredite a situación de risco de exclusión social.”

E a modificación tamén do Anexo I

“ANEXO I

Primeiro.—Tarifas:

A) Para usos domésticos:

Mínimo 30 m³ /trimestre: 7,14€

Exceso €/m³: 0,36€/m³

B) Para usos industriais:

50 m³/trimestre : 15,85€



Luns, 12 de febreiro de 2018

Núm. 30

Exceso €/m3: 0,40€/m3

200 m3/trimestre: 38€

Exceso €/m3: 0,40€/m3

4.000 m3/trimestre: 650€

Exceso €/m3: 0,40€/m3

C) Por acometida: 50€/metro

D) Por Contador: 40€

En supostos excepcionais e coa debida autorización do Concello cando non sexa posible instalar contador facturárase a razón de:

— Vivenda euros/mes: 10€/mes

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesado recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio en o Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede en A Coruña.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación:CRCYBD8KA0XC51WY

